

**Acta núm. 04/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 27 de febreiro de 2024.**

ASISTENTES:
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 27 de febreiro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2024, DO 20/02/2024.
- 2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2024, DO 20/02/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20.02.2024, acta núm. 03/2024.

SEGUNDO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.

Dada conta da proposta da alcaldía do 21.02.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 26.02.2024, que transcrita di:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, do 12.12.2023, aprobouse o expediente de licitación por procedemento aberto simplificado cun único criterio de valoración das obras do proxecto: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.

Tramitado o expediente de licitación, a Mesa de Contratación na súas reunións do 12.01.2024 e 24.01.2024 procedeu á apertura das ofertas económicas e á exclusión da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. por atoparse incursa en prohibición de contratar especificada no art. 71.1.d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo admitidas oito empresas, e resultando incursas en baixa anormal ou desproporcionada un total de catro empresas.

Solicitada ás empresas incursas en baixa anormal ou desproporcionada a documentación xustificativa, as catro empresas presentan a documentación no prazo sinalado aos efectos a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se aloxa o Perfil de Contratante do Concello, a cal é remitida aos servizos técnicos para a súa valoración.

Os informes presentados polas empresas incursas en baixa temeraria, son informados tres desfavorablemente polos servizos técnicos, e unha empresa favorablemente.

A Mesa de Contratación, na súa reunión do día 19.02.2024, á vista do informe emitido polo servizo técnico realizou proposta de exclusión das tres empresas incursas en baixa anormal ou desproporcionada por non xustificar as súas ofertas económicas, e realizou proposta de clasificación das restantes.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, adopción do seguinte acordo:

1º) Excluir do procedemento de licitación das obras do proxecto: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870, ás empresas licitadoras que a continuación se indican por non xustificar as súas ofertas económicas incursas en baixa anormal ou desproporcionada: COSMALCA S.L.; EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., e HORDESCÓN S.L.

2º) Clasificar, por orde decrecente de puntuación, ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

1. EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., que oferta un prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído: 27,53 ptos.

2. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L., que oferta un prezo de:1.199.032,00 euros, IVE incluído: 15,07 ptos.

3. CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L., que oferta un prezo de: 1.208.881,09 euros, IVE incluído: 11,39 ptos.

4. EXCAVACIONES MIDÓN S.L., que oferta un prezo de:1.209.980,98 euros, IVE incluído: 10,97 ptos.

5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A., que oferta un prezo de: 1.235.382,44 euros, IVE incluído: 1,40 ptos.

3º) Declarar que as características esenciais da contratación para o clasificado en primeiro lugar, EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., con CIF: B15490527, son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

1. Oferta económica: 1.165.990,00 euros, IVE incluído.

2. Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de doce meses, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

3. Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

4º) Requerir a EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., para que no prazo de **sete días hábiles**, contados desde o día seguinte ao envío a través da Plataforma de Contratación do

Sector Público do requirimento, presente a través de dita Plataforma, a seguinte documentación:

- A constitución da **garantía definitiva** polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, **polo importe de: 48.181,40 euros**, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

- A constitución da **garantía definitiva complementaria** polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, **polo importe de: 48.181,40 euros**, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Se formulase as garantías definitivas a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha copia de ditos avais, **debendo entregar os avais orixinais na Tesourería municipal dentro do prazo para presentar a documentación.**

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder á adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta ditaminada nos seus propios termos.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL CASTREÑO SALMERÓN, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda sita na Urbanización Monte Balado 15, baixo C, Os Ánxeles, substituindo as existentes de aluminio lacado en cor branco por outras coas mesmas dimensións e características, modificando a disposición das persianas, pasándoas do interior ao exterior.

A edificación (referencia catastral 6550701NH2465S0012YM), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3), e atópase dentro da zona de protección do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 19.01.2024, clave DH.W15.97986, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 123,63 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 188,20 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ET TAHERY ABDELLAH, na que comunica que vai pintar de cor branco as fachadas da vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Fonte Paredes nº 24- Ons.

A edificación (referencia catastral 1789805NH2418N0001GG), emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

Total: 20,00 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LOIS SAMPEDRO, na que comunica que vai facer obras de mantemento nun pallal sito no lugar de Vioxo de Arriba nº 12 – Luaña, consistentes en substituír a tella vella da cuberta por tella nova, reparar a viga central que soporta a mesma e revocado de fachadas.

A parcela (referencia catastral 1939102NH2413N0001XX) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, para áreas consolidadas pola edificación (NRO-1), e sitúase na aldea de Vioxo de Arriba que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: LE3- LC9, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O revocado das fachadas deberá quedar acabado en tons claros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 114,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ALBERTO ARANTÓN MARTÍNEZ, na que comunica que vai construír un peche frontal de parcela, en contacto coa vía pública no lugar de Chave de Ponte 53 - Bastavales. O peche farase de mampostería de pedra, ata unha altura de 1,20 m. dende a rasante do terreo e con listóns de pvc por enriba ata unha altura máxima de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 9113207NH2491S0001QT), na que se van executar as obras, está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Con data 08/06/2021 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 53, Bastavales, a José Alberto Arantón Martínez e María Berdullas Crego, segundo proxecto de execución redactado por Carquitec SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.01.2021 e documentación complementaria visada o 06.05.2021 (expte. núm. 2006562).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. O peche axustarse ao plano de emprazamento modificado do proxecto de execución 01.1., visado con data 06.05.2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 45,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 109,93 euros.

CUARTO-. LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DIEGO FERNÁNDEZ GOBERNA solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Outeiro 47 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Óscar Andrés Quintela e Iván Andrés Quintela, ARROKABE ARQUITECTOS SLP, visado con data 29.09.2023 e 30.01.2024 (expte. 2305023).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8042708NH2484S00000T) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Óscar Andrés Quintela e Iván Andrés Quintela, ARROKABE ARQUITECTOS SLP, visado con data 29.09.2023 e 30.01.2024 (expte. 2305023).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (inscrito no Rexistro da Propiedade a nome do Concello de Brión, nº fincas 21704, 21702 e 21706), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.078,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.174,15 euros.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González